

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**3415** *Real decreto 286/2017, do 24 de marzo, polo que se regulan o Plan anual normativo e o Informe anual de avaliación normativa da Administración xeral do Estado, e se crea a Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.*

O artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, na redacción dada pola disposición derradeira terceira da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, prevé a aprobación polo Goberno dun plan normativo de carácter anual que recollerá as iniciativas regulamentarias ou lexislativas que deberán ser elevadas cada ano ao Consello de Ministros para a súa aprobación.

O citado precepto encomenda a coordinación do plan ao Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, con obxecto de asegurar a congruencia de todas as iniciativas que se tramiten e de evitar sucesivas modificacións do réxime legal aplicable a un determinado sector ou área de actividade nun curto espazo de tempo. O plan debe ser aprobado polo Consello de Ministros antes do 30 de abril do ano anterior á súa vixencia, por proposta da persoa titular do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais e publicado no Portal da transparencia, de acordo co artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Plan anual normativo debe identificar, conforme os criterios que se establezan regulamentariamente, as normas que se deberán someter a unha análise sobre os resultados da súa aplicación, atendendo fundamentalmente ao custo que supoñen para a Administración ou os destinatarios e ás cargas administrativas impostas a estes últimos.

Por outra parte, o artigo 28 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, encomenda ao Consello de Ministros a aprobación, antes do 30 de abril de cada ano, dun informe anual, en que se analizará a actividade normativa da Administración xeral do Estado en relación coas previsións do plan anual e se reflectirán os resultados da aplicación das normas aprobadas en anos precedentes.

O presente real decreto desenvolve estas previsións legais, regulando o proceso de elaboración do Plan anual normativo e do Informe anual de avaliación normativa, e establecendo os criterios para determinar as normas que deben ser obxecto de avaliación, unha vez aprobadas.

Co obxecto de facilitar a necesaria participación de todos os departamentos ministeriais no proceso de planificación e avaliación normativa, constitúese unha xunta interministerial, baixo a coordinación do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, constituída polas persoas titulares das secretarías xerais técnicas, unidades que proporcionarán a súa experiencia profesional no ámbito da produción normativa, ademais da súa respectiva especialización sectorial. Este órgano denominarase Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de marzo de 2017,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto a regulación do Plan anual normativo e do Informe anual de avaliación normativa da Administración xeral do Estado, así como a creación da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.

Artigo 2. *Plan anual normativo da Administración xeral do Estado.*

1. O Plan anual normativo da Administración xeral do Estado está constituído polas iniciativas legislativas ou regulamentarias que os distintos departamentos ministeriais prevexan elevar cada ano natural ao Consello de Ministros para a súa aprobación.

2. O proxecto do Plan anual normativo será elaborado, a partir das iniciativas dos distintos departamentos ministeriais, pola Xunta de Planificación e Avaliación Normativa. A persoa titular do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, logo do informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, elevará o dito proxecto ao Consello de Ministros para a súa aprobación antes do día 30 de abril do ano anterior á súa vixencia.

3. Os departamentos ministeriais remitirán á Xunta de Planificación e Avaliación Normativa, antes do 1 de marzo de cada ano, as iniciativas normativas que desexen incorporar ao Plan anual normativo, utilizando para o efecto o modelo de información aprobado por orde da persoa titular do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais. No dito modelo proporán á Xunta de Planificación e Avaliación Normativa a inclusión ou non de cada proxecto normativo entre aqueles que deben ser obxecto de avaliación posterior, coa xustificación adecuada conforme os criterios establecidos no artigo 3.1.

4. Unha vez aprobado, o Plan anual normativo publicarase no Portal da transparencia da Administración xeral do Estado.

5. De conformidade co disposto no artigo 25.3 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, as persoas titulares dos departamentos ministeriais poderán elevar ao Consello de Ministros para a súa aprobación propostas normativas que non figuren no plan anual, xustificándoo adecuadamente na Memoria da análise de impacto normativo. Así mesmo, a memoria indicará se a norma se debe someter a avaliación «ex post», así como os termos e prazos previstos para levala a cabo.

6. Só en circunstancias especiais que afecten unha multiplicidade de proxectos normativos impulsados por distintos ministerios, ou no caso da formación dun novo Goberno, os departamentos ministeriais poderán solicitar á persoa titular do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais que propoña ao Consello de Ministros a modificación do Plan anual normativo, logo da valoración pola Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.

Artigo 3. *Avaliación normativa.*

1. O Plan anual normativo identificará as normas que se deberán someter a unha análise sobre os resultados da súa aplicación, atendendo aos seguintes criterios:

- a) Custo ou aforro orzamentario significativo para a Administración xeral do Estado.
- b) Incremento ou redución de cargas administrativas para os destinatarios da norma que resulte significativo polo volume de poboación afectada ou por incidir en sectores económicos ou sociais prioritarios.
- c) Incidencia relevante sobre os dereitos e liberdades constitucionais.
- d) Conflitividade previsible coas comunidades autónomas.
- e) Impacto sobre a economía no seu conxunto ou sobre sectores destacados desta.
- f) Efectos significativos sobre a unidade de mercado, a competencia, a competitividade ou as pequenas e medianas empresas.
- g) Impacto relevante por razón de xénero.

- h) Impacto relevante sobre a infancia e a adolescencia ou sobre a familia.
2. Os departamentos ministeriais avaliarán as normas propostas por cada un deles que fosen seleccionadas para a súa avaliación «ex post», nos termos e prazos previstos na súa Memoria da análise de impacto normativo. Analizarase, en todo caso:
- a) A eficacia da norma, entendendo por tal a medida en que conseguiu os fins pretendidos coa súa aprobación.
  - b) A eficiencia da norma, identificando as cargas administrativas que poderían non ter sido necesarias ou telo sido en menor grao.
  - c) A sustentabilidade da disposición, considerando os efectos da norma non previstos directamente por ela que poidan chegar a comprometer a súa viabilidade futura.
  - d) Os resultados da aplicación da norma, en función do criterio polo que foi sometida a avaliación.
3. No caso de que as normas se avalíen por razón do seu impacto económico, sobre a unidade de mercado ou sobre a competencia, os departamentos ministeriais solicitarán informe previo sobre o borrador de informe de avaliación á Oficina Económica do Presidente e á Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa. No caso de que as normas se avalíen por razón do seu impacto sobre a competencia, os departamentos ministeriais solicitarán informe previo tamén á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
4. Os departamentos ministeriais remitirán á persoa que exerza as funcións de Secretaría da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa, antes do 1 de marzo de cada ano, un informe no cal se recollan:
- a) Os resultados dos procesos de avaliación normativa que se levasen a cabo no ano precedente.
  - b) As razóns xustificativas dos eventuais incumprimentos do Plan anual normativo do ano anterior.

#### Artigo 4. *Informe anual de avaliación normativa.*

1. A Xunta de Planificación e Avaliación Normativa elaborará o proxecto do Informe anual de avaliación normativa, no cal se reflectirá o grao de cumprimento do Plan anual normativo do ano anterior, as iniciativas adoptadas que non estaban inicialmente incluídas no plan, así como as incluídas en anteriores informes de avaliación con obxectivos plurianuais que producen, ao menos, parte dos seus efectos no ano que se avalía.
2. No dito informe incluíranse as conclusións da análise da aplicación das normas a que se refire o artigo 3 que, de acordo co previsto na súa respectiva memoria, fosen avaliadas no exercicio anterior. O informe poderá conter recomendacións específicas de modificación e, se for o caso, derogación das normas avaliadas, cando así o aconsellase o resultado da análise.
3. A persoa titular do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, logo do informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, elevará o proxecto do Informe anual de avaliación normativa ao Consello de Ministros para a súa aprobación antes do 30 de abril de cada ano.
4. Unha vez aprobado, o Informe anual de avaliación normativa publicarase no Portal da transparencia da Administración xeral do Estado.

#### Artigo 5. *Creación da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.*

Créase a Xunta de Planificación e Avaliación Normativa como órgano colexiado, de carácter interministerial, adscrito á Subsecretaría da Presidencia e para as Administracións Territoriais, competente para elaborar os proxectos do Plan anual normativo e do Informe anual de avaliación normativa.

Artigo 6. *Composición da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.*

1. A composición da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa é a seguinte:

- a) Presidente: a persoa titular da Subsecretaría da Presidencia e para as Administracións Territoriais.
- b) Vicepresidente: a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.
- c) Vogais: as persoas titulares das secretarías xerais técnicas dos restantes departamentos ministeriais, así como un representante da Oficina Económica do Presidente, con rango de director xeral.
- d) Secretario: a persoa titular da Vicesecretaría Xeral Técnica do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

2. Ás reunións da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa poderá asistir, con voz pero sen voto, por requirimento da persoa titular da Presidencia da Xunta, a persoa titular do órgano encargado de asegurar a coordinación e a calidade normativa conforme o previsto no artigo 26.9 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Así mesmo, por requirimento da persoa titular da Presidencia da Xunta, poderán ser convocadas as persoas titulares doutros órganos directivos da Administración xeral do Estado, especialmente os daqueles con competencias en materia orzamentaria, de política económica, de Unión Europea e de administracións territoriais.

Artigo 7. *Competencias da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.*

Corresponde á Xunta de Planificación e Avaliación Normativa:

- a) Elaborar o proxecto do Plan anual normativo, para que o eleve ao Consello de Ministros a persoa titular do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais. No proxecto de plan indícaranse as normas que serán obxecto de avaliación posterior.
- b) Elaborar o proxecto do Informe anual de avaliación normativa, para que o eleve ao Consello de Ministros a persoa titular do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.
- c) Propor criterios xerais en materia de planificación e avaliación normativa da Administración xeral do Estado.

Artigo 8. *Secretaría da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.*

Corresponde á persoa que exerza as funcións de Secretaría da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa:

- a) Preparar, a partir das previsións dos distintos departamentos ministeriais, o proxecto do Plan anual normativo, para a súa elaboración definitiva pola Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.
- b) Preparar, a partir dos informes remitidos polos departamentos ministeriais, o proxecto do Informe anual de avaliación normativa, para a súa elaboración definitiva pola Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.
- c) Prestar asistencia técnica á Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.
- d) Levantar as actas das reunións da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.
- e) Instar a publicación do Plan anual normativo no Portal da transparencia da Administración xeral do Estado.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á Secretaría da Xunta.

Artigo 9. *Réxime de funcionamento.*

Ademais de polo previsto no presente real decreto, a Xunta de Planificación e Avaliación Normativa rexerese, en canto ao seu funcionamento, polo disposto sobre órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición adicional única. *Non incremento do gasto público.*

O funcionamento da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa non suporá incremento do gasto público, nin os seus membros percibirán retribución polo exercicio das súas funcións como membros do dito órgano. A súa creación e funcionamento atenderanse cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

Disposición transitoria única. *Remisión de iniciativas normativas.*

O primeiro Plan anual normativo que se elabore tras a entrada en vigor deste real decreto non estará suxeito ao prazo previsto no artigo 2 para a remisión das iniciativas normativas polos departamentos ministeriais.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de marzo de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia  
e para as Administracións Territoriais,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN